



CEIP XESÚS GOLMAR  
Travesía Memorias dun neno labrego.  
36500. LALÍN (Pontevedra)  
Tel: 886 15 12 72/ Fax: 886 15 12 73  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxesusgolmar/>  
correo-e: [ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es](mailto:ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es)



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

## A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP (DOG do 18-09-2024) pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de ensino non universitario, procederáse nos meses de novembro e decembro á renovación parcial (Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro).

Segundo o Artigo 2º da citada resolución a **elección dos representantes** dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar celebrarase **entre os días 18 e 22 de novembro de 2024**, ambos os dous incluídos.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Unha persoa representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o vindeiro venres, **día 18, ás 11:30 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Animámoslos a presentar as súas candidaturas para contribuír a un mellor funcionamento da vida na escola.

Lalín, 15 de outubro de 2024

A Directora do Centro

Asdo.: María Jesús López Campos